



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN PARA SOLICITAR A APERTURA DAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE FERROL

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para solicitar a apertura das dependencias do Concello de Ferrol

Exposición de motivos

A nova normalidade xa é unha constante nas nosas vidas. A excepción do uso da mascarilla e certa distancia social nalgúns casos, xa podemos acudir con normalidade a eventos culturais e deportivos, estar en bares e restaurantes e desfrutar do ocio nocturno e concertos. A presencialidade voltou aos traballos e os nenos e nenas xa fai moito tempo que acoden as escolas.

A todo isto súmase que o luns 28 de marzo, comezamos unha nova etapa na que a forma de medir e controlar a expansión do virus da Covid-19 acaba de cambiar e as persoas contaxiadas xa non terán que manter corentenas, salvo casos concretos; a realización de probas oficiais resérvanse para determinados colectivos e deixarán de darse baixas laborais por Covid, salvo excepcións.

Todo isto pon de manifesto que a nova normalidade xa é unha realidade e non hai ningún argumento válido que xustifique que as portas do Concello de Ferrol segan pechadas limitando a participación da veciñanza na vida municipal. Aínda temos que ver coma se forman grandes colas de cidadáns e cidadás agardando a súa quenda de entrada no Concello para realizar un trámite administrativo ou mesmo coma é practicamente imposible acudir a certos negociados coma é o de urbanismo, dificultando a comunicación entre veciñanza e Concello, cuestión que debería ser todo o contrario.

Por todo isto, o grupo municipal Ferrol en Común somete a votación a presente moción e o seguinte acordo:

1. Instar ao goberno municipal á apertura total do Concello de Ferrol e o resto de dependencias que dependen do mesmo con total normalidade, sen control de acceso e libre entrada de toda a veciñanza.

Ferrol, 23 de setembro de 2021

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común